



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MONFERO

Delegación de competencias plenarios na xunta de Goberno Local

ANUNCIO

En cumprimento do disposto polo artigo 9.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e artigo 51.2 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, publícase que o Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2023, acordou:

1.º Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións:

As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións e de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado sexa igual ou supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, ou a contía de seis millóns de euros, sempre que non supere 15 por cento dos ditos recursos ordinarios do orzamento, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado sexa igual ou supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e non supere a porcentaxe do 15 por cento sinalada como límite ou a contía indicada.

A aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión dos postos de traballo que sinala o artigo 64.2.k) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, e que o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ao Alcalde.

As expresamente relacionadas como de competencia da Xunta de Goberno Local nas bases de execución do orzamento en vigor en cada momento e as que lle corresponden en materia de axudas e subvencións, de autorización, disposición e recoñecemento de obrigas e liquidación de gastos, incluídos os de recoñecemento extraxudicial de créditos cando xa exista crédito na aplicación orzamentaria procedente, e a liquidación de convenios con outras administracións públicas.

2.º Revocar o resto dos acordos vixentes de delegacións de competencias do Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local.

3.º Estes acordos xurdirán efectos desde o día seguinte aos da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4.º As referencias deste acordo a normas e preceptos concretos entenderanse feitas de xeito automático aos preceptos das normas que, no seu caso, as modifiquen ou substitúan.

En Monfero, 28 de xullo de 2023

O Alcalde

Andrés Feal Varela

2023/6662